

20

ANIVERSARIO

GALICIENCIA®

2006-2025



Sumario



Benvida	3
20 Galiciencias: unha bonita historia	4-5
Javier Taibo, director xerente de Tecnópole	6
Carlos Nieto, gañador da primeira Galiciencia	7
Os proxectos gañadores	8-12
Ideas xeniais	13-14
Galiciencia exporta talento	15
Os talleres e espectáculos de ciencia	16
<ul style="list-style-type: none">David Ballesteros, divulgador que imparte os espectáculos de ciencia	
Outros concursos e actividades	18-22
<ul style="list-style-type: none">Desafío científicoCristina Mangana, membro do equipo do “Desafío científico”Aula Newton e programa de radioManuel Vicente, conductor do programa “Efervesciencia” da Radio GalegaConcurso de deseño da camiseta e concurso de fotos por Instagram	
O equipo de docentes	23-24
<ul style="list-style-type: none">M^a José Avendaño, profesora do Colexio Maristas de OurenseLourdes González, profesora do CPI Poeta Uxío Novoneyra do Courel	
Que pensa de Galiciencia...?	25-26



Sabela Bouzo, coordinadora de Galiciencia	27
A imaxe de Galiciencia	28-29
<ul style="list-style-type: none">Juan Castro, creativo de Galiciencia	
Galiciencia nos medios de comunicación	30-31
Os medios de Galiciencia	32-33
Galiciencia 2025	33
A esencia de Galiciencia	34-35

Edita:
Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.
Deseño gráfico e contidos:
Vía Láctea Comunicación, S.L.
Imaxe:
Enyris Design Thinking Lab, S.L.

Fotografía:
Lena Repetskaya e arquivo de Tecnópole
Impresión:
Gráficas Garabal, S.L.
Depósito Legal:
OU 256-2024




20 anos achegando a ciencia á mocidade, por un mundo máis saudable, sostible e igualitario

O Parque Tecnolóxico de Galicia – Tecnópole ten un especial compromiso coa divulgación da ciencia e a innovación, un compromiso que foi mantendo e incrementando ao longo da súa traxectoria con diferentes actividades e que na actualidade aglutina baixo a marca “Tecnópole Divulga”. O xerme foi Galiciencia, que empezou a desenvolverse hai 20 anos, en 2006, como unha iniciativa pioneira na nosa comunidade. Naceu co nome de Expociencia. A primeira edición foi en Tecnópole e as dúas seguintes no Auditorio de Ourense. Reunían a pouco máis dunha ducia de proxectos nunha única xornada, mentres que hoxe se presentan un centenar de propostas durante tres días.

Desde o seu nacemento, a maquinaria de Galiciencia non parou nunca; nin a Covid-19 freou o talento que se agocha nos centros educativos. Neste tempo logrou consolidarse como unha cita de referencia para a mocidade, que en cada edición presenta proxectos máis innovadores e sorprendentes. Moitas grazas a toda a rapazada e aos equipos docentes de Primaria, Secundaria, Educación Especial, FP e Bacharelato pola súa ilusión.

Galiciencia foi medrando e introducindo novidades, co seu público fiel pero tamén con novos centros que se van incorporando a esta gran festa da ciencia. Entre todos e todas van poñendo o seu gran de area para avanzar en temas que nos preocupan como a saúde do planeta, cunha especial preocupación pola igualdade de xénero e apostando sempre polas novas tecnoloxías.

Animámosvos a facer un percorrido por todas as edicións de Galiciencia da man dos seus protagonistas: participantes, docentes, divulgadores... Grazas a todos eles e elas Galiciencia converteuse na principal feira científica de Galicia, coa colaboración e o apoio da Consellería de Economía e Industria e da Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología – Ministerio de Ciencia, Innovación y Universidades. ¡E, agora, a por outras 20 Galiciencias!




unha bonita historia

2006 | Nace Expociencia, unha iniciativa pioneira en Galicia

A planta soto do edificio CEI albergou a primeira edición da Galiciencia, entón coñecida como Expociencia, cunha mostra de 16 proxectos. Esta iniciativa, pioneira en Galicia, trouxo consigo un planetario burbulla, unha exposición sobre enerxía e un maratón de cine científico.

2007 | Expociencia convértese en Galiciencia

Xa co nome de Galiciencia, celebrouse no Auditorio de Ourense, con 30 proxectos. Realizáronse talleres de química no Centro Comercial Ponte Vella. Iniciáronse as conferencias científicas de Adolf Cortel, cuxo experimento dos pelos de punta deixou pegada.



2008 | Galiciencia expándese

A feira continuou a súa expansión con 34 proxectos. De novo levouse a feira á rúa, con exposicións e talleres en diferentes puntos de Ourense, en colaboración con centros tecnolóxicos da Tecnópole.



2009 | Nacen os selos distintivos de Galiciencia

Galiciencia trasladouse ás instalacións de Tecnópole. Creáronse premios por categorías académicas. Chegouse á cifra de 50 proxectos expostos e comezaronse a organizar talleres temáticos en liña coas conmemoracións internacionais de cada ano.

2010 | Éxito e avalancha de proxectos

Récord de proxectos, con 85 propostas. Estableceuse un proceso de selección para elixir os 50 mellores traballos. Incorporáronse proxectos do programa Aulas I+D de Tecnópole e organizáronse actividades como exposicións de pintura e unha área de ocio.




2011 | Actividade máis destacada da Semana da Ciencia en España

Galiciencia consolidouse como unha das actividades máis destacadas da Semana da Ciencia en España, segundo a FECYT. Participouse no Experimento Mundial do Ano Internacional da Química e publicouse a primeira revista de Galiciencia.



2012 | Aniversario de Tecnópole

Coincidindo co 20º aniversario de Tecnópole, presentouse o libro "Dos quarks á próxima extinción" de Pedro José Cascajosa; organizáronse concursos de fotografía, artigos científicos e lemas sobre sostibilidade. Homenaxeouse ao químico Antonio Casares.




2013 | CSIC e outros proxectos de divulgación

Incorporáronse proxectos dos Tecnópole Technological Workshops (T²W). Formouse un grupo de reporteiros audiovisuais para crear un vídeo da feira. O CSIC organizou unha exposición sobre a auga, tema dos concursos de debuxo e fotografía.

2014 | Chegan os de Primaria e charla científica en directo

A exposición abriuse a proxectos de alumnado de Primaria, o que incrementou o número de stands a 64. Mantívose o concurso de fotografía e, como novidade, organizouse unha charla científica retransmitida en directo por internet para centros de toda Galicia.



2015 | iGaliciencia cumpre 10 años!

Elixiuse a mascota do certame, que foi a imaxe da camiseta: Micro, un moneco-microscopio. Realizouse un curso para docentes co obxectivo de introducir a investigación na aula. Adolf Cortel regresou coas súas innovadoras propostas. Nace www.galiciencia.com.



2016 | Nace o "Desafío Científico"

Os proxectos de Primaria xa se expoñen na carpa xunto aos de Secundaria. Iníciase unha das actividades paralelas máis exitosas da feira: o "Desafío Científico", con retos increíbles. Créase o vídeo oficial de Galiciencia, recollendo os momentos máis relevantes.


2017 | A Astronomía como protagonista

A Astronomía foi a temática desta edición, que se distinguiu por ter a maior representación ata o momento, con equipos procedentes de 40 centros de Galicia, Barcelona, Asturias e Cádiz.



2018 | O xurado pode votar a través do móbil

Galiciencia achega aos máis novos un problema que nos afecta a todos: o cambio climático. Desenvólvese unha aplicación móbil para que o xurado poida realizar as súas valoracións. A feira logra reunir 77 proxectos e recibe 2271 visitantes.




2019 | Apoio á ciencia feminina

Creouse un premio para o mellor proxecto liderado por unha nena, co fin de contribuír á igualdade de xénero. Houbo récord de participación, con 134 equipos. No Auditorio de Ourense celebrouse un show co divulgador David Ballesteros e o ilusionista Jose Rivera.


2020 | Galiciencia en liña pola Covid-19

O mundo paralizouse pola chegada da Covid-19 pero Galiciencia botou man das novas tecnoloxías e celebrouse a feira en liña, co lema "A innovación do futuro".



2021 | Kits científico-tecnolóxicos para os centros

Repetimos a experiencia on line pola Covid-19. Os centros recibiron un kit con material científico e tecnolóxico, coa colaboración de ASPANAS, a Asociación de pais e nais a favor das persoas con discapacidade intelectual de Ourense. Unha edición de récord: máis de 7500 participantes e máis de 100 centros de toda España.



2025 | iGaliciencia cumpre 20 anos!

Galiciencia organiza un curso para que o profesorado de Secundaria e Bacharelato teña as ferramentas necesarias para poder guiar o alumnado na realización de proxectos científicos. "Neurociencia e saúde mental", un tema que nos preocupa a todos, é o eixe desta edición.

2022 | Feira presencial e novo TikTok de Galiciencia

A Aula Newton de Tecnópole incorporárase aos talleres de Galiciencia. O vídeo do espectáculo de ciencia interpretábase na lingua oficial de signos, en colaboración coa Federación de Asociacións de Persoas Xordas de Galicia (FAXPG). Nace o TikTok de Galiciencia.





2023 | A Aula Newton anima a voar

A Aula Newton provoca que Galiciencia se centre na "Aeronáutica e Aeroespacial". Nos premios establécese unha categoría especial para os proxectos de FP e promóvese cada vez máis a participación feminina.

2024 | En defensa dun planeta sostible

Tecnópole está aliado cos ODS que propón Nacións Unidas e, como mostra diso, en Galiciencia promovéronse as bondades da madeira como material beneficioso para o planeta. Rexístrouse a marca GLC e houbo novo récord de participantes: máis de 5400!



Javier Taibo, director xerente do Parque Tecnolóxico de Galicia

“O máis satisfactorio de promover un certame científico deste tipo é a cara de felicidade de toda a mocidade”

Como director xerente do Parque Tecnolóxico de Galicia, Javier Taibo experimentou de primeira man a celebración de tres edicións de Galiciencia, aínda que xa coñecía ben o certame debido ao seu traballo en Tecnópole. Relátanos a importancia desta feira e o enorme valor que para o Parque ten a divulgación da ciencia e a tecnoloxía.

Que representa Galiciencia para o Parque Tecnolóxico de Galicia?

Galiciencia representa dous aspectos fundamentais de Tecnópole: por un lado como un referente da promoción das carreiras STEM (Ciencia, Tecnoloxía, Enxeñaría e Matemáticas) entre a mocidade e, sobre todo, entre as mulleres. Por outro lado, a promoción da innovación, independentemente de onde se xestione (escola, centro de FP, centro tecnolóxico ou empresa), que é un dos alicerces sobre os que se sustentan os Parques científicos e tecnolóxicos.

Como foi a súa experiencia con Galiciencia nestes anos?

Eu levo moito tempo vencellado a Tecnópole xa que dirixía unha empresa que reside no Parque. Desde 2012 participei activamente en Galiciencia como xurado e sempre me pareceu unha iniciativa excelente, desde a súa concepción ata a súa execución. Por iso, cando cheguei á Dirección de Tecnópole considerei de vital importancia non diminuír os esforzos que se realizaban en divulgación. Nestes anos incorporamos a Aula Newton con catro simuladores de voo e reforzamos o resto de actividades, agrupando todas elas baixo a marca “Tecnópole Divulga”.

É fundamental a implicación das Administracións neste proxecto ano tras ano

No aspecto económico contamos co apoio incondicional da Xunta de Galicia, que todos os anos inclúe unha importante dotación para realizar estas actividades de divulgación; ademais dunha achega da FECYT. Por outro lado, diferentes expertos colaboran no tema de cada edición, xunto á Universidade de Vigo, e as empresas e centros tecnolóxicos instalados en Tecnópole participan como xurado.



“Galiciencia é unha gran festa de ciencia e tecnoloxía de tres días”

Que é o máis satisfactorio de promover un certame científico deste tipo?

A cara de felicidade de toda a mocidade que participa ou visita Galiciencia, que ao final é unha gran festa de ciencia e tecnoloxía de tres días. Estou seguro de que lles deixa un recordo imborrable.

Hai 20 anos Tecnópole apostou pola divulgación científica a través de Galiciencia. Que valor ten na actualidade no Plan Estratéxico do Parque?

Dentro do Plan Estratéxico contamos con cinco eixos de desenvolvemento e un deles confórmao toda a nosa estratexia de comunicación e divulgación, polo que ten un peso moi relevante agora e no futuro da Tecnópole.

A edición de 2025 vai ser moi especial

O tema seleccionado é moi relevante, tamén para a mocidade: “Neurociencia e saúde mental”. Por un lado, queremos deixar patente a importancia dos avances científicos no mundo da neurociencia (agrupa os estudos científicos relativos ao sistema nervioso, así como as súas enfermidades e tratamentos) e, por outro, interiorizar socialmente a importancia da saúde mental de toda a sociedade. Estou seguro de que se presentarán grandes proxectos.

Carlos Nieto, neurocientífico en Moscú e gañador da primeira Galiciencia

“Daquela eramos moi novos, pero hoxe decátome do impacto positivo que tivo o certame en min”

Carlos Nieto integrou o equipo gañador da primeira edición de Galiciencia, celebrada en 2006. Agora, bota a vista atrás e lembra con moito agarimo aquela experiencia. Curiosamente, esa primeira Galiciencia estaba dedicada á neurociencia e, na actualidade, Carlos é neurocientífico.



Carlos estuda as neuronas espello en Moscú

Que sentiches cando recibiches o premio?

Foi algo inesperado pero unha grande experiencia. Daquela eramos moi novos, pero hoxe decátome do impacto positivo que tivo o certame en min e creo que para moitos outros rapaces tamén, tanto dos expositores como os visitantes.

Despois do éxito nesta feira, que percorrido tivo a vosa proposta?

Acudimos a Exporecerca Jove na Pompeu Fabra en Barcelona para presentar o proxecto de novo. Alí recibimos varios premios en diferentes categorías e permitiunos asistir como convidados a outro evento similar en Bruxelas, con carácter máis internacional e aberto a un rango máis amplo de idades.

Como foi a túa traxectoria profesional?

Estudei Psicoloxía na Universidade de Santiago e empecei a interesarme pola neurociencia. Despois colaborei en Madrid coa Fundación CIEN nun estudo sobre alzhéimer e enfermidades e noutro proxecto sobre memoria visual a curto prazo no centro CTB da Universidad Politécnica. Logo realice un máster

sobre ciencia cognitiva na Higher School of Economics de Moscú, cidade na que estou a rematar o meu doutorado no CDM, estudando as neuronas espello en humanos.

“As profesións STEM ofrecen solucións para facilitar a vida da xente”

Que vantaxes cres que aportan os estudos e as profesións STEM?

As profesións STEM están cada vez máis demandadas, sobre todo as relacionadas coa tecnoloxía e a enxeñaría. No ámbito social destaca o seu impacto na obtención de solucións que facilitan a vida da xente, xunto ás aplicacións médicas para curar ou mellorar a saúde. Outra vantaxe que fai os estudos STEM moi interesantes é a interdisciplinaridade, de xeito que un informático pode colaborar nun avance médico ou un biólogo axudar no desenvolvemento dunha ferramenta tecnolóxica.

O lema deste 20º aniversario vai ser “Neurociencia e saúde mental” e ti es neurocientífico. Coméntanos a relevancia deste campo na actualidade

O avance nos diferentes campos da neurociencia axúdanos non só a entender mellor o noso cerebro e como interactuamos coa nosa contorna, senón que tamén busca dar solución a algúns dos problemas de maior impacto na sociedade actual. Nos países desenvolvidos os problemas de saúde mental, as lesións neurolóxicas e as enfermidades neurodegenerativas asociadas ao envellecemento levan décadas en auge e considéranse un dos principais retos a afrontar nos vindeiros anos. A neurociencia axúdanos a entender, diagnosticar e predicir estes problemas.

E para rematar...

¡Felicidades por estes 20 anos! Grazas polo voso esforzo e espero que sigades con este fantástico traballo de achegar a ciencia aos máis novos durante moitos anos máis.


Os proxectos gañadores

Facede con nós un percorrido polos proxectos gañadores de Galicia ao longo destes anos. ¡Xa veredes canto enxeño!

2006 | Carlos Nieto
Colexio Guillelme Brown do Pereiro de Aguiar (Ourense)

Unha desalinizadora solar

O primeiro gañador de Galicia foi Carlos Nieto, que representaba ao Colexio Guillelme Brown de Pereiro de Aguiar (Ourense) cunha desalinizadora solar. Buscaba unha solución para dispoñer de auga potable ante posibles situacións de carencia deste recurso e ideou un sistema para desalinizar auga do mar que funcionaba con enerxía solar. O seu prototipo estaba pensado especialmente para os países menos desenvolvidos, nos que a auga potable é un ben escaso e moi prezado.



2007 | Iván, David, Bruno, Lucía e Ismael
IES San Mamede de Maceda (Ourense)

Un estudo sobre a alimentación da curuxa

Este equipo analizou os excrementos dunha curuxa que habitaba arredor do seu centro para poder identificar as poboacións de roedores dos que se alimentaba e, polo tanto, que tamén habitaban nesa zona. No laboratorio estudaron as denominadas egagrópilas da curuxa, conformadas por restos de animais non dixeridos que estas aves carnívoras regurxitan. Aítoitan conter restos de ósos, pel, plumas, dentes... Así, os rapaces lograron determinar que naquela zona a especie de roedor dominante era a toupa campesiña, principal alimento da curuxa.



2008 | Juan Pirola e Rodrigo Barreiro
Colexio Guillelme Brown do Pereiro de Aguiar (Ourense)

Un bio-edificio

Despois de obter o primeiro accésit na Exporecerca e o premio da Fundación La Caixa e co apoio da súa titora, Ana María Otero, decidiron presentarse a Galicia co seu bio-edificio. Propoñían unha instalación autosostible, que dispoñía dun sistema de placas solares para o abastecemento completo da enerxía eléctrica, e cunha horta no patio que se esterrecaba cos residuos orgánicos producidos na vivenda. Ademais, aproveitaba a auga da chuvia.



2009 | María Mediavilla e Endika Arquero
Colexio La Anunciata Ikastetxea (Guipúscoa)

Análise das propiedades do iogur e do quefir

Este equipo do País Vasco analizou as propiedades dos iogures enriquecidos con probióticos co fin de corroborar os seus beneficios. Ademais, o xurado quedou impresionado co método científico que empregaron para determinar entre varias marcas de iogures as que tiñan menos graxas e azucre e maior valor enerxético. Por outro lado, estudaron as bondades do quefir e chegaron á conclusión de que ten efectos laxantes se se deixa fermentar 24 horas e astrixentes se a fermentación se estende ata as 48 horas.



2010 | Ana Esteban e Uxía Fernández
Colexio Guillelme Brown do Pereiro de Aguiar (Ourense)

Un sistema de climatización de edificios

Este sistema tivo tanto éxito que as rapazas tamén foron premiadas en Exporecerca; representaron a España no Stockholm Junior Water Prize, un certame internacional que fomenta o interese da mocidade pola auga e o medio; e foron convidadas a unha feira en Brasil. A súa idea consistía en empregar ventás de dobre cristal e encher a cámara intermedia con auga, co conseqüente aforro enerxético, un sistema que ademais permitía modificar o confort de cada espazo da vivenda.

OS PROXECTOS GAÑADORES <

2011 | Adrián González, Martín Álvarez e Luís Rodríguez
IES O Couto de Ourense

Un dispositivo para o control remoto do ordenador mediante os movementos corporais

Tres rapaces ourensáns decidiron explorar as utilidades das súas videoconsolas e adaptaron a cámara 3D para que detectara os seus movementos e, así, poder controlar un ordenador sen necesidade de tocar o teclado nin o rato. Pensaron ademais que a súa idea podería beneficiar a outros como o caso de persoas con aguiña minusvalía, profesionais que non poden ter un rato a man como os operarios das fábricas... A este dispositivo chamárono "iKinect".



2012 | Pablo Dobarro, Carlos Almuíña, Pedro González e José Manuel Vigo
IES Rosalía de Castro de Santiago

Un coche eléctrico

Todos os visitantes da feira quedaron maravillados con este bolido, que dispoñía dun completo sistema electrónico co seu control de iluminación, unha tablet que facía as funcións de volante, un espello retrovisor con cámara de vídeo traseira incorporada e un ordenador de a bordo. Foron moitos os que quixeron probar o invento, que collía bastante velocidade. Convertidos xa en enxeñeiros informáticos, Galicia rescátounos para que participasen como xurado na edición do 10º aniversario.



2013 | Xosé Lois Chorén e Unai Ansedes
IES Xoán Montes (Lugo)

Un sistema de sinalización antikamikazes

Era a primeira vez que un centro lucense se facía co primeiro premio e foi grazas a este sistema de sinalización antikamikazes, destinado a alertar os condutores que entran en sentido contrario nunha autovía debido a un erro, un despiste ou a unha indicación deficiente. Proponían repintar as liñas brancas do firme con pintura fotoluminiscente e en relevo, para producir sonoridade. As liñas veríanse de cor vermella cando se accedese en dirección contraria.



2014 | Efrén Varón e Pablo González
Colexio Carmelitas de Ourense

Pantalla táctil con tecnoloxía LED

Estes rapaces pensaron que sería boa idea usar o mando dunha consola de videoxogos para conectar un punteiro láser e unha pantalla. O seu reto era converter en táctil calquera pantalla convencional ou mesmo unha imaxe proxectada nunha parede. Isto permitiría que calquera ordenador se puidese manexar como se fose unha tablet ou un smartphone. Para conseguilo, fabricaron un punteiro con luz LED infravermella co que se podía escribir na pantalla, usando o mando da consola como dispositivo de conexión entre o punteiro e a pantalla.



2015 | Ander Aguiriano e Jonan Andoni Martín
Lauro Ikastola de Biscaia

Sistema de mellora da comunicación nas aulas

No 10º aniversario de Galicia o premio foi para Biscaia por un innovador sistema de mellora da comunicación nas aulas. O equipo analizou as dificultades que se presentan entre o alumnado e o profesorado, co fin de detectar cales son as razóns que levan a que a comunicación se interrompa ou sexa inexistente. Diseñaron un software e testárono no caso real dun neno con autismo severo, para o que programaron un comunicador dixital, con resultados moi positivos.



2016 | Manuel Porto
Colexio Compañía de María de Santiago

Unha solución para controlar o abuso de auga no fogar

O gañador presentou un innovador dispositivo para controlar o consumo excesivo de auga no fogar. Este sistema contaba os litros que saían pola billa e detiña o chorro ao alcanzar unha cantidade suficiente para unha ducha de 5 minutos. Ademais de rexistrar a cantidade de auga empregada, o sistema alertaba cando se aproximaba o límite de consumo mediante luces e sinais sonoros. O fluxo restablecíase pasados cinco minutos.



2017 | Carlos Fole e Jaime Alonso
Colexio Montecastelo de (Vigo)

Un dispositivo salvavidas de delfíns

Baixo o nome "Save the dolphins", os rapaces deseñaron un mecanismo para poder facer un seguimento dos delfíns que chegan ás costas galegas e evitar que queden varados nas praias. A súa proposta consistía en hidrófonos somerxidos en puntos estratéxicos, conectados a un software para poder detectalos e actuar con celeridade. Ademais, elaboraron un mapa de mareas co fin de coñecer con antelación o nivel de risco que existe, xunto a unha aplicación móbil para alertar aos servizos de emerxencia no caso de atopar algún exemplar varado.

2018 | María Bouso e Lidia Barreira
IES San Rosendo de Mondoñedo (Lugo)

"Rebinxe", un plan de recuperación da biodiversidade no rural

As gañadoras buscaban a recuperación da biodiversidade no rural. Para iso construíron caixas-refuxio en vivendas para que nelas puidesen habitar especies como a curuxa, o bufo ou o morcego, por seren beneficiosas para o control de pragas, como o caso da avespa velutina. Ademais, tamén foron premiadas en Exporecerca e tiveron a oportunidade de presentar o seu proxecto na feira Expo-Sciences Internacional de Abu Dabi.



2019 | Nuno Sinde e Pedro Fernández
Colexio Internacional SEK-Atlántico de Poio (Pontevedra)

Loita biolóxica contra a velutina

Nuno e Pedro fixéronse co primeiro premio desta edición grazas ao seu proxecto para erradicar a avespa velutina de xeito eficaz, económico e respectuoso co medio. Un día atoparon un niño desta especie invasora na casa do avó de Nuno, o que os levou a buscar un axente biolóxico para controlar a invasión deste insecto. Atoparon a solución no *Cordyceps militaris*, un fungo que se alimenta da quitina, presente no exoesqueleto destas avespas.



2020 | Clara Longa e Lucía Maceiras
CPR Las Acacias-Montecastelo de Vigo

Unha solución á falta de osíxeno dos astronautas

O equipo gañador do ano no que a Covid chegou ás nosas vidas tratou de buscar unha solución aos problemas que se lles presentan ás misións espaciais tripuladas de longa duración, que necesitan grandes cantidades de alimento e osíxeno. Crearon un ecosistema que xeraba osíxeno e eliminaba o CO₂ empregando unha microalga, a spirulina. Con 1 kg de spirulina lograron secuestrar 2 kg de CO₂ e xerar 2 kg de osíxeno.



> OS PROXECTOS GAÑADORES

2021 | Pablo Pedrosa e Guillermo Giacone
CPR Las Acacias-Montecastelo de Vigo

Un sistema para asistir aos nadadores profesionais con cegueira total

Aínda coa Covid entre nós, nesta segunda edición en liña, o proxecto gañador foi "VibroSwim", un dispositivo para asistir a nadadores profesionais con cegueira total, axudándolles a coñecer os límites da piscina. Era un sistema de aviso automatizado, empregando uns sensores que medían a velocidade de aproximación ás paredes da piscina, e que avisaba cando o nadador debía iniciar a manobra de viraxe sen chocar coa parede. A orde enviábase mediante bluetooth a un microcontrolador situado debaixo do gorro.



2022 | Carla García Pedrosa e Noa Caride
CPR Eduardo Pondal de Cangas

Cosmética natural a partir de plantas e receitas tradicionais

Estas dúas rapazas do CPR Eduardo Pondal de Cangas investigaron e levaron a cabo distintas receitas de uso tradicional para facer produtos de coidado persoal. Desenvolveron cosméticos con ingredientes cotiás, accesibles e respectuosos co medio, en particular plantas comúns que elas mesmas cultivaban. Elaboraron ata cinco produtos diferentes: xampú, crema de mans, crema facial, bombas de xabón e bálsamo labial.



2023 | Daniel Blanco e Carla Pérez
Colexio San Pablo VI-Fátima da Rúa (Ourense)

O traslado da vida a outros planetas


Daniel e Carla fixéronse co primeiro premio polo seu proxecto de simulación do ambiente favorable á vida para o traslado a outros planetas. Estaban convencidos de que é posible replicar as condicións e os procesos naturais que dan lugar á vida no noso planeta en contornas pechadas autosustibles que funcionen de maneira autónoma. E isto como vía para o traslado de vida animal, vexetal e humana ao espazo ou a lugares da Terra onde as condicións ambientais sexan desfavorables.



2024 | Alejandro Fidalgo e Catalina Riveiro
Aulas Tecnópole (Ourense)

Un sistema refrixerado para o traslado de órganos aos hospitais

"Cold Vibes" é un sistema refrixerado que permite o traslado de órganos aos hospitais para a realización de transplantes. Segundo os seus creadores, é máis eficiente e eficaz que as neveiras actuais. Aseguraban que o seu prototipo era de baixo consumo e podíase modificar a temperatura, que se amosaba nunha pantalla. Ademais, a súa proposta incorporaba un sistema de seguimento para facilitar a coordinación dos equipos médicos.



Ideas xeniais

Houbo outros moitos proxectos ao longo destes anos que foron premiados nas diferentes categorías e moitos outros que non gañaron pero que nos deixaron coa boca aberta polo seu enxeño, tanto os equipos de maiores como os máis pequenos. Buscaron solucións aos problemas do cambio climático, idearon propostas maravillosas para que o mundo sexa máis accesible para todas e todos, deseñaron dispositivos tecnolóxicos que nos axudan a facer máis doado o noso día a día, moi preocupados pola alimentación e pola natureza, crearon artefactos do máis variado... Unha infinidade de ideas que nos conquistan en cada edición.

A quen senón aos nosos científicos e científicas se lles poden ocorrer propostas tan tolas e prodixiosas ao mesmo tempo? Aí van algunhas:



Un novo sistema para o pregado de pupitres

A formulación dun chicle que alimenta

Un sistema de rega en desertos mediante cueiros usados

Solas de zapatos ecolóxicas fabricadas con labras de lapis e ceras de cores



Unha cúpula para bicicletas



"A Galinerica", un vehículo que causou moita expectación entre os visitantes



Unha ponte levadiza eléctrica

Un sistema para abastecer de enerxía a iluminación pública e os semáforos a partir da enerxía obtida da circulación de vehículos e persoas

> IDEAS XENIAIS



⚡ **Un espantallo dixital**
que resultou ser máis efectivo
que os bonecos tradicionais

⚡ **Un sistema de acendido
de vehículos intelixente**
que bloquea o automóbil se o condutor
supera as taxas de alcoholemia

⚡ **Un invernadoiro de patacas
para astronautas**



⚡ **Un bolígrafo
biodegradable**
con tinta natural extraída
dun cogomelo, menos
contaminante que os
convencionais

⚡ **un apalpador chegado do Courel**
que empregaba as novas tecnoloxías para coñecer mellor as
partes do corpo. Unha idea xenial dun equipo de Primaria.
As súas familias tiveron a oportunidade de velos e escoitalos
en directo a través da TVG

⚡ **Solucións enxeñosas
ante a Covid-19 como
un lavamans portátil**



⚡ **Un coche que se
controla coa mente**



⚡ **Unha máquina
recreativa de madeira**



Galiciencia exporta talento

- Foron moitos os equipos gañadores de Galiciencia que tiveron a oportunidade de pesentar os seus proxectos a outras feiras galegas de novos talentos como a Semana da Ciencia organizada polo MUNCYT na Coruña, o festival científico CinVigo, Open Science de Cambre...; e a certames nacionais como Zientzia Azoka de Bilbao ou Exporecerca Jove de Barcelona, con resultados moi exitosos.
- Os nosos científicos e científicas tamén traspasan fronteiras e levan as súas xeniais ideas a diferentes partes do mundo. Foi o caso do equipo formado por Álex, Antonio e Juan do colexio Guillelme Brown, gañadores na categoría de 2º ciclo da ESO en 2009, que triunfaron coa súa mochila ergonómica na Expo-Sciences de Bruxelas, a maior feira científica europea para estudantes.

- Alba, do IES Julio Prieto Nespereira de Ourense, gañadora da categoría de Bacharelato en 2013, logrou o segundo premio no European Youth KiiCS Award en Ámsterdam co seu respaldo intelixente para cadeiras, que alertaba aos usuarios dunha postura incorrecta, preservando así a saúde das súas costas.



E moitos outros e outras que deixaron pegada co seu enxeño.

- Ademais, cada ano participan en Galiciencia equipos procedentes doutras comunidades autónomas, en particular do País Vasco, Cataluña e Andalucía.



...Visionarios e visionarias

con algúns temas como:



o impacto das redes
sociais na adolescencia



a repercusión
do estrés



o emprego
das enerxías renovables

os talleres e espectáculo de ciencia

Nas primeiras edicións tivemos a enorme sorte de contar coa colaboración do profesor e recoñecido divulgador internacional Adolf Cortel, especialista en estimular o interese pola ciencia botando man da diversión e o asombro. Cada ano collía todo o seu instrumental, metíao nunha maleta e poñía rumbo de Barcelona a Galicia. Logo foron tomando o seu testemuño novos e magníficos divulgadores científicos, que non deixan de sorprendernos coas súas propostas nos talleres e espectáculos de ciencia, que se van innovando feira a feira.




O alumnado ten a oportunidade de visualizar e experimentar en vivo e en directo curiosidades da ciencia que só lles chegan de maneira teórica nas aulas, algunhas tran sorprendentes como:

- analizar pegadas e restos mediante técnicas forenses como na serie estadounidense "CSI"
- fritir ovos sen calor
- conxelar auga sen un refrixerador
- converter auga en viño
- gozar coa construción e programación de robots



- elaborar cerámica a partir de residuos da comida
- padecer turbulencias como as que se senten a bordo dun avión
- formular preguntas tan surrealistas como ata canto saben contar os animais
- experimentar con pompas de xabón...
- facer música matemática ou saír dun *scape room* empregando as matemáticas

¡E MOITÍSIMO MÁIS!



David Ballesteros, divulgador que imparte os espectáculos de ciencia

“Galiciencia é unha gran festa do coñecemento”



David Ballesteros, responsable de "Ceo Aberto", deixa coa boca aberta á rapazada en cada nova edición co espectáculo de ciencia.

Desde cando colaboras con Galiciencia?

Desde a primeira edición, na que se organizou unha pequena feira de proxectos no soto de Tecnópole.

Como foi evolucionando a feira ao longo destes anos?

Deu un salto cualitativo e cuantitativo espectacular. Creceu rapidamente e converteuse nunha das feiras máis importantes a nivel nacional.

Que credes que distingue a Galiciencia doutros certames científicos similares?

Posiblemente, o feito de que o equipo docente e o alumnado de fóra de Ourense conviva durante os tres días que dura a feira. Ademais, é moi curioso que se celebre nun parque tecnolóxico.

Non debe ser doado ofrecer propostas novidasas en cada edición. Como o conseguides?

A ciencia é apaixonante. Temos que demostralo nas actividades, desenvolvendo propostas divertidas e amenas, sen perder o rigor científico. Sempre dedicamos horas e horas a deseñar as propostas, documentándonos a fondo. Cada edición é un novo reto, no que os propios comunicadores aprendemos moito.

“A participación neste tipo de certames axuda a espertar o interese pola ciencia”

Como divulgador, como valoras o papel de Galiciencia de cara a promover as vocacións científicas entre a mocidade?

É fundamental a existencia de feiras científicas. Todos os estudos indican que a participación en actividades deste tipo ten moita relevancia á hora de espertar o interese pola ciencia.

Algo que se poida contar de Galiciencia 2025... Con que nos imos atopar neste 20º aniversario?

Pois vai ser unha edición moi especial. Penso que imos ter moitas sorpresas e momentos emotivos. Como sempre, atoparemos moita ciencia, paixón e diversión.

Como ves a Galiciencia dentro de 20 anos?

Como un evento de referencia, que irá evolucionando ao ritmo da sociedade, e provocando que centos de rapaces e rapazas esperen o día de inicio da feira emocionados e emocionadas por vivir a experiencia de comunicar ciencia.

Unha mensaxe para os equipos participantes en Galiciencia 2025

A Galiciencia é unha gran festa do coñecemento. Gozade dela porque é unha experiencia inesquecible.

Outros concursos e actividades

Ademais do concurso de proxectos, Galiciencia celebra unha chea de actividades que xa se foron consolidando ao longo destes anos:

Desafío científico

Alumnado de 4º de Primaria a 2º de Bacharelato de toda Galicia pode participar no desafío científico “Atrévete con...”, seguindo a temática de cada edición. A través desta proposta, a rapazada achégase aos ámbitos máis diversos da ciencia dun xeito moi divertido, formando equipos cos seus compañeiros e compañeiras de clase. Hai unha primeira fase online, na que durante varios meses deben pasar unha serie de retos; e a fase final, que ten lugar de xeito presencial durante a celebración de Galiciencia. No desafío final compiten os tres grupos mellor valorados de cada categoría: Primaria, Secundaria e 4º da ESO e Bacharelato.



“É importante potenciar a creatividade individual”

Cristina Mangana, membro do equipo do “Desafío científico”



Cristina Mangana forma parte do equipo de “Captioma”, que coordina o Desafío científico e os talleres de Primaria. Cóntanos como lograr achegar a temática de cada edición de forma lúdica aos galicentíficos e galicentíficas e que vivan cada reto como un gran xogo. Como elas sempre din: ¡“A Galicienciar!”

Como foron evolucionando os desafíos?

Unha das novidades que incluímos foi o uso das redes sociais. Consideramos que é o mecanismo idóneo para divulgar nestes grupos de idade e así conseguimos que se comuniquen nunha linguaxe que coñecen moi ben.

Cales son os principais cambios que vedes na rapazada co paso dos anos?

Nos últimos anos detectamos un grande aumento do uso da IA á hora de elaborar as solucións aos retos. Neste sentido, creo que de cara a un futuro debemos ser capaces de cambiar a perspectiva do rol investigador. Non se debe tratar tan só de conseguir información, senón tamén de ser capaces de diferenciar cal é correcta e útil, saber sintetizala e potenciar a creatividade individual.

Como logrades que cada vez máis equipos de toda Galicia se lancen a esta aventura?

Creo que o mellor mecanismo para aumentar a participación é lograr transmitir como viven a experiencia os propios equipos. Tamén é importante facer o proceso o máis sinxelo posible e acompañar aos equipos docentes ante todas as dúbidas que poidan xurdir.

Que credes que lles atrae máis desta experiencia?

Á rapazada, probablemente os premios. A posibilidade de que escollan o seu traballo



como o mellor de entre centos de toda Galicia é algo moi tentador e consegue que sintan que o seu esforzo se valora. Ao persoal docente, a posibilidade de desenvolver de forma lúdica aptitudes como a capacidade de investigación, o traballo en equipo ou a creatividade cun proxecto que os acompaña durante gran parte do curso lectivo.

“A clave está en dar liberdade á rapazada para experimentar”

Vós, que coñecedes moi ben Galiciencia, cal credes que é o segredo do seu éxito?

Sen ningunha dúbida, a comunidade. Eses tres días de feira supoñen unhas xornadas de convivencia intensiva para o mundo da ciencia en Galicia, que poñen en contacto a divulgadores, docentes e estudantado no clima idóneo para aprender, socializar e divertirse.

Como divulgadores, que é o máis complicado no proceso de achegar a ciencia á rapazada?

Supoño que lograr transmitila na súa linguaxe, facela sinxela, divertida e que a vexan como algo máis que unha materia a superar para aprobar. Creo que a chave está en deixarlles liberdade para experimentar.



Pilotos por un día na Aula Newton

O Parque conta desde o ano 2021 coa Aula Newton Galicia, a única que existe en España con carácter permanente, especializada na aprendizaxe de materias STEM para rapazada de 2º da ESO a 2º de Bacharelato e FP, cun enfoque totalmente práctico e moi innovador. Está impulsada conxuntamente pola multinacional Boeing, a organización sen ánimo de lucro FIRST Scandinavia, a Xunta de Galicia e Tecnópole.

Aproveitando as súas instalacións, centradas nestes intres en introducir a mocidade no mundo da aviación coa axuda de simuladores de voo profesionais, Galicia incorpora esta experiencia para os equipos de Secundaria e Bacharelato que expoñen os seus proxectos na feira. E saen encantados e encantadas de convertérense en pilotos por un día.

Un programa de radio en vivo

As ideas, o talento e as emocións que latexan en Galicia emítense ao mundo a través das ondas. O espazo “Efervesciencia” da Radio Galega, que conduce o divulgador Manuel Vicente, leva tamén desde 2006 transmitindo o valor da ciencia dun xeito moi ameno e divertido. Dedicada a Galicia un programa, que se grava nas instalacións de Tecnópole con toda a rapazada como público participante e cunha chea de profesionais convidados para aprofundar no tema da edición.



Manuel Vicente,
divulgador e condutor do programa “Efervesciencia” da Radio Galega

“O de Galicia é un dos programas no que mellor o pasamos de toda a tempada”

Manuel Vicente é químico pero a súa gran paixón é comunicar a ciencia, labor pola que ten sido moi galardoado. Cada ano, chega a Galicia para amosarlle á rapazada que a radio é unha canle magnífica para facerlle chegar á xente os fitos máis sorprendentes.

Como foi o primeiro programa desde Galicia?
Realizámolo en 2010. Daquela decidimos comezar a sacar os nosos micrófonos fóra dos estudos da Radio Galega para poder ir aos lugares onde a ciencia ou a súa divulgación eran a noticia. Contamos como convidado estrela con Adolf Cortel e os seus experimentos. Realizámolo no salón de actos, que cambiou un chisco desde aquela.


Como se prepara o programa?

Aquí conto coa complicidade de Sabela Bouzo. Ela coñece cales son os colexios participantes en Galicia e os membros do xurado, así que axúdame a confeccionar unha especie de ‘casting’ de participantes que sexa diferente cada ano, pero ao mesmo tempo interesante e ameno. Non podemos negar que é un dos programas no que mellor o pasamos de toda a tempada.

Como se logra a atención e a participación da rapazada?

Para eles funcionan moi ben os concursos. Tamén temos un globo terráqueo en forma de balón inchable que lanzamos aleatoriamente para ver quen vai intervir e contar os seus proxectos. Así que o azar tamén xoga o seu papel nestes programas.

“Galicia permite compartir e aprender uns dos outros”



Pola túa experiencia, cal dirías que é a receita máxica de Galicia para triunfar entre a mocidade?

Non sei cal é a receita máxica, pero sen a menor dúbida unha das claves é que a participación en Galicia fai comunidade. É un momento de traballo, pero tamén, sobre todo, de compartir e aprender uns dos outros.

Algunha anécdota que poidas contarnos?

En 2011 a nosa colaboradora a Avoa de Einstein dedicouse a chocar as mans do maior número de xente posible que estaba no salón de actos. O que non sabían é que previamente impregnara ás súas mans cuns pos fluorescentes invisibles a simple vista. Ao final do programa apagamos as luces, acendemos unha lámpada ultravioleta e descubrimos que todos estaban “contaminados”, algúns mesmo tamén na cara. Quedou ben clara a importancia de lavar as mans.

Imaxino que haberá “Efervesciencia” en 2025

É unha honra e unha alegría que nos conviden cada ano a facer este programa. Por suposto que haberá Efervesciencia en Galicia 2025.

Unha mensaxe para Galicia no seu 20º aniversario

Organizar unha feira científica como Galicia é un traballo enorme e só se pode facer durante 20 anos se detrás de todo isto hai un compromiso, un equipo e sobre todo moita ilusión e ganas. Os meus parabéns.

Concurso da camiseta oficial

O concurso para deseñar a camiseta oficial de cada edición de Galicia diríxise ao alumnado de Primaria. As propostas deben centrarse na temática dese ano. Un xurado de expertos decide o debuxo gañador e o premiado ou premiada recibe camisetas para toda a súa clase, profesorado e familiares. O persoal da organización e a rapazada que expón os proxectos na feira loce a camiseta, cun deseño cada vez máis orixinal e sorprendente, que demostra o talento do estudantado.



Concurso de fotos por Instagram

O concurso de fotografía a través de Instagram que promove Galicia está aberto tanto a alumnado como a profesorado de Secundaria, Bacharelato e FP de toda España. As imaxes deben facer referencia á temática da edición e ano a ano o xurado recoñece como a orixinalidade e a imaxinación non para de medrar.



O equipo de docentes

A rapazada e os seus proxectos son os grandes protagonistas de Galicia. Pero... quen os anima cada ano desde os seus centros a que se lancen a presentar unha proposta, quen traballa con eles e elas todo o curso para guialos no camiño da ciencia, quen resolve todas as súas dúbidas e pon toda a súa confianza no seu potencial. Os profesores e profesoras, quen senón? Dúas delas cóntannos como o conseguen.



“Cada ano o alumnado xa está esperando a que cheguen noticias de Galicia”

M^a José Avendaño, profesora do Colexio Maristas de Ourense

O Colexio Maristas de Ourense leva dez anos participando en Galicia e a súa profesora M^a José Avendaño acompaña sempre aos seus nenos e nenas.

Como conseguides animar a rapazada para que participe na feira, sobre todo aos máis pequenos?

Eu penso que se animan practicamente sós. Eu preséntolles todo o que se fai desde Galicia cando sae a convocatoria, dedico unha clase a visitar a páxina web e a ver en que poden participar. Motivo o traballo por equipos e creo que Galicia é unha grande oportunidade para presentar o que fixemos durante o curso. Como xa levamos moitos anos, o alumnado xa están esperando que cheguen as noticias sobre a temática ou as posibles actividades que se poden facer.

Que vos aporta ao profesorado esta experiencia?

É unha experiencia moi enriquecedora, observar como os rapaces aprenden de forma tan activa,

“A rapazada sempre volve de Galicia moi motivada e emocionada”

conectando os maiores cos máis pequenos, como aprenden ferramentas para comunicarse.

Que vos transmiten os nenos e nenas tralo seu paso pola feira?

Tanto se van como participantes como de visita, sempre chegan moi motivados e emocionados, con moitas ganas e ideas para traballar no seguinte curso. Gústalles moito visitar a feira e os stands, ademais de participar nos talleres e concursos.

Imaxino que xa estaredes a preparar novos proxectos para a vindeira edición. Como é o proceso nas aulas?

Desde o principio se lles propón que queren facer e eles escollen o tema. Incentivámoslos para que escollan un tema que motive a todos para traballar en equipo.

Notades nos centros educativos que cada vez hai un maior interese pola ciencia?

No noso centro é un tema que gusta especialmente, a rapazada amosa moito interese polas materias relacionadas coa investigación.

Unha mensaxe para Galicia no seu 20º aniversario

Grazas por apostar e axudar na educación dos rapaces e rapazas.

“Asistín por primeira vez a Galiciencia hai dez anos e quedei abraíada”

Lourdes González, profesora do CPI Poeta Uxío Novoneyra do Courel

O CPI Poeta Uxío Novoneyra do Courel é outro dos centros habituais de Galiciencia. Lourdes González, docente de Bioloxía e Xeoloxía, amósase encantada coa súa participación na feira.

Que lembrás da primeira vez que asistiches a Galiciencia co teu alumnado?

En 2013 asistín como visitante coa clase e quedei abraíada. Levaba tempo buscando eventos de ciencia para o alumnado e, curiosamente, descubrín en Barcelona (na Exporecerca) a existencia de Galiciencia. Como se me pasara?

Como logrades estimular o alumnado para que presenten proxectos?

Os nenos e nenas que participan en Galiciencia animanse entre eles porque desfrutan moito da experiencia. É moi enriquecedor a convivencia coa rapazada doutros centros e doutros lugares. Un dos aspectos máis gratificantes para eles e que os engancha é percibir o interese e o recoñecemento que inspira o seu traballo. Explicar o que fixeron, facerse entender e notar que existe unha valoración positiva do seu traballo (máis alá da súa familia) é unha satisfacción.

“Os talleres son moi diferentes a como os faríamos na aula”

Como profesora, como resulta para ti esta experiencia?

Ademais de ser moi enriquecedora para o meu alumnado, que é o máis importante, para min é unha magnífica oportunidade de coincidir con outros docentes e aprender do seu traballo.

Desde o teu punto de vista, que lles aporta Galiciencia aos rapaces e rapazas?

Aporta moitísimo: a convivencia con iguais (nun centro como o noso con 11 nenos e nenas na ESO, isto é vital), a diversidade de pensamento, melloran as habilidades comunicativas, aprenden doutro alumnado con realidades vitais diferentes... O espectáculo de ciencia é xenial, moi didáctico e divertido; os talleres son moi diferentes a como os faríamos na aula. É o mellor evento científico de Galicia para o alumnado, coa oportunidade de convivir con outras persoas coas que comparten intereses.

Comezastes xa a preparar os proxectos para a vindeira edición?

Claro que empezamos. Máis ben temos que tomar a decisión de quen non participa: ¡queren participar todos! Sempre priorizo o alumnado dos cursos altos (porque xa van marchar do centro) e que non participaran nunca. Nalgúns casos, se o traballo é moi bo poden volver participar.

Unha mensaxe para Galiciencia no seu 20º aniversario

¡En hora boa! ¡E moitísimas grazas por facelo!



Marta Novoa

Alcaldesa de San Cibrao das Viñas

“Eu estaría encantada de ter tido esta oportunidade cando estudaba”

“Galiciencia ten unha transcendencia espectacular. Estamos nun concello industrial, un dos máis industriais de Galicia, San Cibrao das Viñas, e é supernecesario que teñamos esta cativada tan ilusionada. O Parque Tecnolóxico de Galicia é o berce da innovación e da ciencia na nosa provincia e tamén en toda Galicia. Precisamos que a rapazada teña iniciativa e inquietude para realizar proxectos relacionados coa ciencia e a tecnoloxía. Eu, que son enxeñeira industrial de profesión, estaría encantada de ter tido esta oportunidade cando estudaba”.



Marisol Nóvoa

Presidenta da Confederación de Empresarios de Ourense

“Sorpréndenme as ideas que ten a rapazada”

“É unha iniciativa que leva moitísimos anos e é de moitísimo interese, sobre todo para a provincia de Ourense, na que temos necesidade de que a xente emprenda e se asente no territorio, en especial no rural, montando empresas. En Galiciencia sorpréndenme as ideas que ten a rapazada. Nela está o futuro, polo que debemos manter este tipo de experiencias e tratar de reter ese gran talento que temos, non deixalo escapar”.

Que pensa de Galiciencia...?

Alejandro Fidalgo e Catalina Riveiro


Gañadores de Galiciencia 2024, alumnado de Aulas Tecnópole

Catalina: “Decátaste de que investigar é moi divertido”

“O que máis me gusta de Galiciencia é que podes coñecer a moitísima xente. E, cando estás desenvolvendo o proxecto, á vez que vai avanzando, ti vas medrando con el e decátaste de que é moi divertido investigar”.

Alejandro: “É fascinante explicar o proxecto aos demais”

“O que máis me gusta de Galiciencia é que podes coñecer a xente nova todos os días. É fascinante explicar o proxecto aos demais, transmitímolos con moita ilusión e vemos que tamén nos atenden con ilusión. É completamente marabilloso”.





Salomé Vilachá

Profesora do Colexio Divino Maestro (Ourense)

“Participamos cada ano e o alumnado valora a importancia da ciencia”

“Son profesora de Física e Matemáticas, sen dúbida as mellores materias. Ano tras ano, fomos acudindo a Galiciencia. O colexio está moi motivado coa participación do alumnado, de feito no centro faciamos unha fería das ciencias e o premio era ir a Galiciencia. Desde as materias STEM sempre os animamos. Aprenden, gústalles e valoran a importancia da ciencia para o mundo”.



Tino Álvarez

Profesor do IES Rosalía de Castro de Santiago

“Vimos a Galiciencia desde o primeiro ano”

“O Instituto Rosalía de Castro de Santiago leva vindo a Galiciencia desde o primeiro ano, de forma ininterrompida. A experiencia é extraordinaria. Cada ano aparecen máis proxectos e mellores. Algo que o alumnado lle daba pouca importancia como é a innovación, agora vemos que cada vez hai máis innovación nas aulas e, a raíz de Galiciencia, cada vez hai máis feiras científicas en toda España e tamén en Galicia”.

Marta Otero

Técnica de I+D no Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia, situado en Tecnópole. Xurado de Galiciencia

“Gañamos novos científicos e científicas”

“Levo traballando no Parque desde hai 16 anos e son xurado de Galiciencia desde hai 15 anos. Os proxectos están xenial, os rapaces e rapazas supéranse en cada edición. Á xente que traballamos aquí fannos aprender cousas novas, que descoñeciamos, e para eles é unha boa oportunidade para expresarse, contarnos o que fan. Esta experiencia é moi enriquecedora para o seu futuro e de seguro que a sociedade gañará novos científicos e científicas”.



Domingo Bobillo

Xornalista de TVE-Galicia (Ourense)

“Levo moitos anos cubrindo Galiciencia. Ademais, as miñas fillas teñen unha lembranza extraordinaria desta experiencia”

“Como xornalista de Televisión Española en Galicia, levo moitos anos cubrindo Galiciencia. Para min, é ese tipo de noticias que é unha gozada facer porque sempre é moi interesante darlle voz á xente nova para que expliquen os proxectos nos que traballan durante o curso. Ademais, eu teño unha experiencia persoal coas miñas fillas, que durante moitos anos presentaron aquí tamén os seus proxectos de investigación. Teño moi presente a ilusión coa que traballaban, coa que investigaban, independentemente dos resultados. Teñen unha lembranza extraordinaria desta experiencia”.

Sabela Bouzo,

Técnica de Proxectos de Tecnópole

“O noso maior desafío foi sempre chegar a todo o estudiantado e docentes de Galicia”

Unha das persoas que mellor coñece Galiciencia é Sabela Bouzo, técnica de Proxectos do Parque. Leva organizando a feira desde 2009 e mantendo a mesma ilusión do primeiro día.

Que análise fas de todo este tempo e dos logros que se foron conseguindo?

Síntome moi orgullosa de Galiciencia, paréceme unha iniciativa fermosa e necesaria, con entidade propia. O noso maior desafío foi sempre chegar a todo o estudiantado e docentes de Galicia. A creatividade da rapazada, as súas ganas de innovar e crear un mundo mellor baseado no talento é o que nos fai grandes, proba disto son os éxitos nacionais e internacionais acadados polo alumnado participante na feira.

Que queda por mellorar?

Quizais poder coñecer que é o que está a facer o estudiantado que pasou polo certame, se verdadeiramente lles serviu para incentivar as vocacións científicas e o espírito emprendedor, cantos están emprendendo e/ou se dedicaron ao mundo da ciencia e a tecnoloxía. É un proxecto ambicioso, pero penso que sería moi interesante e revelador poder levalo a cabo.

Como xorde a temática de cada edición?

Ao principio elixíase a temática da conmemoración internacional para o ano en cuestión segundo a ONU, pero logo vimos que ao Parque lle interesaba máis que o estudiantado investigase sobre outros temas máis relacionados coa innovación, a ciencia e a tecnoloxía, así como eidos máis estratéxicos e relevantes en Galicia e no propio Parque.

De onde xorde a inxerencia dun Parque Tecnolóxico por divulgar a ciencia e impulsar as vocacións científicas?

O Parque Tecnolóxico de Galicia foi dos primeiros en incorporar, xa en 2012, no seu obxecto social a promoción da ciencia a través das actividades de divulgación científica. Detectouse a necesidade de fomentar o talento e a innovación desde idades temperás para que a mocidade poida



“A comunidade educativa é moi fiel e moi fan de Galiciencia”

emprender e, por que non, quedarse en Galicia e instalarse no propio Parque.

Algún intre que lembres de xeito especial?

Lembro a nosa capacidade de innovar e saír adiante cando foi a Covid. Daquela o esperado sería suspender Galiciencia, pero decidimos facela completamente online. Fixemos chegar aos centros kits científicos para que puidesen experimentar en liña con nós en directo durante os talleres, creamos unha plataforma onde poder expor os seus proxectos de investigación... Foi moitísimo traballo nun tempo récord pero moi ilusionante.

Cres que Galiciencia resistirá outras dúas décadas?

Galiciencia resistirá mentres teñamos os apoios necesarios para poder seguir desenvolvendo unha feira científica deste calado rexional e nacional. E mentres sigamos sendo capaces de renovarnos e suscitar o interese da comunidade educativa, que segue sendo fiel e moi fan de Galiciencia.

Juan Castro, director creativo da empresa de deseño Enyiris

“Cada imaxe reflicte a enerxía da mocidade que participa en Galiciencia”

A empresa Enyiris, con sede en Tecnópole, colabora con Galiciencia desde o inicio elaborando a imaxe e a papelería de cada edición. Nestes anos a imaxe da feira foi evolucionando e adaptándose aos novos tempos. Así nolo explica Juan, o seu director creativo.

Cales son as claves para amosar unha imaxe fresca, divertida e atractiva cada ano?

O noso enfoque baséase en tres alicerces: a conexión co público, a versatilidade no deseño e un toque lúdico que faga que cada imaxe reflicta a enerxía da mocidade participante. Innovamos constantemente nos estilos visuais e nas cores, buscando que cada ano a identidade do evento sexa única, pero coherente co espírito de Galiciencia.

É doado conectar ciencia e mocidade?

A ciencia e a mocidade comparten algo fundamental: a curiosidade. O noso traballo é, precisamente, traducir esa curiosidade en imaxes que non só sexan atractivas, senón que esperten o interese da rapazada. É un reto pero tamén unha oportunidade para explorar e comunicar ideas de maneira visual.

Que papel xoga o grafismo nun certame destas características?

O grafismo é esencial para captar a atención e transmitir a esencia do certame. En Galiciencia, o deseño gráfico non é só un recurso visual; é unha ferramenta para xerar identidade e sentido de pertenza, tanto nos participantes como no público.

Equipo de Enyiris

Cal é o proceso desde que vos comunican o tema ata a creación definitiva da nova imaxe?

Todo comeza cunha fase de investigación. Logo pasamos a esbozar, probando diferentes estilos e enfoques, ata que atopamos o que mellor comunica o tema. Finalmente, refinamos os detalles para lograr unha imaxe cohesionada, que inclúa tanto a mensaxe da edición como a esencia de Galiciencia.

Hai algunha imaxe da que vos sintades especialmente orgullosos?

Cada edición ten a súa propia historia e os seus retos, polo que todas teñen un lugar especial. Sempre buscamos superarnos con cada novo deseño, e poida que a última creación teña un “favoritismo temporal” porque reflicte a nosa evolución como equipo. Con todo, algunhas imaxes dos primeiros anos tráennos bos recordos e lémbrennos o lonxe que chegamos.

En que vos inspirastes para crear a imaxe da vindeira edición?

Quixemos capturar a complexidade e beleza do cerebro humano, así como a importancia de coidar o noso benestar emocional. A imaxe convida a reflexionar sobre a mente e o impacto da ciencia na nosa saúde mental.

Unha mensaxe para Galiciencia no seu 20 aniversario
Por moitos anos máis de ciencia, creatividade e mocidade!

“A imaxe da vindeira edición lembra a importancia de coidar o noso benestar emocional”



A imaxe de Galiciencia

Cada ano Galiciencia dedícase a un tema, buscando a implicación da rapazada en asuntos que son de interese global como a nosa saúde, o medio ambiente e a sostibilidade ou a innovación. E a cada tema asóciase unha imaxe, que se prepara con moito agarimo e ilusión.

- 2006 | Neurociencia
- 2008 | Ano Internacional do Planeta Terra
- 2009 | Ano Europeo da Creatividade e a Innovación
- 2010 | Ano Internacional da Biodiversidade
- 2011 | Ano Internacional da Química
- 2012 | Ano Internacional da Enerxía Sustentable para Todos
- 2013 | Ano Internacional da Cooperación na Esfera da Agua
- 2014 | Ano Internacional da Cristalografía e a Agricultura Familiar
- 2015 | Ano Internacional da Luz e das tecnoloxías baseadas na luz
- 2016 | As Matemáticas
- 2017 | A Astronomía
- 2018 | O Cambio Climático
- 2019 | Saúde e Bos Hábitos
- 2020 | A Innovación do Futuro
- 2021 | A Innovación Pos-Covid a través da revolución do talento
- 2022 | Economía Circular
- 2023 | Aeronáutica e Aeroespacial
- 2024 | Mellor, de Madeira
- 2025 | Neurociencia e Saúde Mental



Galiciencia nos medios de comunicación

Todos os xornais e dixitais galegos informan sobre a celebración da feira e fanse eco dos magníficos proxectos que se presentan en cada edición.

La Opinión

Un premio que 'cae' del cielo

La Voz de Galicia

Los escolares llenan Galiciencia de inventos para cuidar de las personas y el planeta

La feria muestra desde drones a gafas para que los sordos sientan la música

Atlántico

Dos centros educativos de Vigo, premiados en Galiciencia

Código

O alumnado galego pode participar no desafío *Atrévete coa Aeronáutica!* de Galiciencia

Diario de Pontevedra

Los estudiantes gallegos exponen un centenar de proyectos tecnológicos en Galiciencia

elCorreoGallego

Galiciencia impulsa a vocación científica entre os máis novos

É a maior feira do sector que se celebra en Galicia e que está dirixida ao alumnado de Primaria, Secundaria, FP e Bacharelato

El Ideal Gallego

Feijóo anima a los más de 3.000 participantes de Galiciencia a ser "protagonistas del futuro"

ELPROGRESO

Lucenses que alucinan con la ciencia

FARO DE VIGO

Galiciencia, la mayor de Galicia, arranca hoy con récord de participantes, más de 5.400

Del coche activado por ondas cerebrales al bioplástico: el genio inventor de Galiciencia

La Región

Los científicos del futuro crean manos biónicas o "ecobolis"

Miles de jóvenes participarán este año en una nueva edición de Galiciencia. Los científicos del futuro exponen sus creaciones al tiempo que aprenden sobre el tema principal: la aeronáutica.

Galici@PRESS

La covid centra 'Galiciencia online 2021', la mayor feria científica de la comunidad



As canles de televisión e as emisoras de radio da nosa comunidade achéganse cada ano a Galiciencia para informar en directo sobre as fantásticas ideas que emanan dos diferentes equipos de galicientíficos e galicientíficas.



Os medios de Galiciencia



Revista

Todo o que acontece en Galiciencia queda recollido nunha revista, na que se amosan os proxectos gañadores nas diferentes categorías, as actividades que se celebran durante a feira (espectáculo de ciencia, talleres, desafío científico, programa de radio, concursos...), a entrega de premios, as anécdotas máis divertidas, as impresións dos protagonistas... E todo ilustrado cunha mancha de fotografías que resumen os mellores momentos en imaxes. As revistas envíanse aos centros de ensino e tamén se poden consultar na páxina web de Galiciencia.

Vídeo

En cada edición elabórase un vídeo resumo cos intreos máis especiais de Galiciencia. Podédelos ver no Youtube do Parque Tecnolóxico de Galicia e tamén na páxina web do certame.



Páxina web

www.galiciencia.com

Na páxina web de Galiciencia aparecen os contidos de cada edición (premios, proxectos, actividades...) e tamén das edicións anteriores, con recursos explicativos sobre como elaborar un proxecto de investigación e presentalo á feira, como participar de maneira on line, como se pode visitar Galiciencia... ¡E moitas cousas máis!



Seguíde a Galiciencia nas redes sociais de "Tecnópole Divulga"

Como sabemos que vos encantan as redes sociais, propoñémosvos que sigades a Galiciencia a través das redes sociais de "Tecnópole Divulga", que é o paraugas que acubilla todas as iniciativas do Parque Tecnolóxico de Galicia no eido da divulgación científica entre a mocidade. ¡Para estar ao día de todas as novidades de Galiciencia e doutras moitas propostas!



Ademais...

Todos os vídeos no Youtube e todas as fotos no Flickr de Tecnópole.



Galiciencia 2025

A edición número 20 de Galiciencia celebrárase os días 14, 15 e 16 de maio de 2025. Para conmemorar estas dúas décadas do certame estamos a preparar unha chea de sorpresas. Eliximos un tema moi relevante que nos afecta a todos e a todas: "Neurociencia e saúde mental". Así que, xa sabedes, a pensar en ideas e propostas que nos deixen sen palabras, coa ilusión e as ganas coas que sempre o facedes.




¡Xa falta moi pouquiño para vérmonos!

A esencia de Galiciencia



1/ Chegamos



2/ Preparamos



3/ Os equipos de maiores amosamos os novos proxectos ... e os peque-científicos e científicas tamén

4/ Experimentamos



5/ Impresionámonos



6/ ...E divertímonos



...Agardámosvos en Galicia 2025 con
“Neurociencia e saúde mental”

**Celebraremos os 20 anos
de Galicia!!!**

20
ANIVERSARIO



Síguenos:



<https://www.facebook.com/tecnopoledivulga/>



<https://www.instagram.com/tecnopoledivulga/>



@tecnopoledivulga

www.galiciencia.com